

## **19 galegos serán formados por Obama e catro Premios Nobel no Cume de Innovación Tecnolóxica e Economía Circular**

- Os 19 candidatos galegos forman parte dos 300 líderes seleccionados por *Advanced Leadership Foundation*, entre máis de 1.950 candidatos que se presentaron en toda España.
- O presidente Barack Obama, xunto cos premios Nobel de Economía Sir Christopher A. Pissarides e Finn Kydland e o Nobel de Física Barry Barish, serán os encargados de formar aos líderes.
- Tralo Cume, estes líderes promoverán o debate sobre a economía circular nas súas respectivas comunidades autónomas co relatorio de dez charlas cada un.

**Madrid, 21 de xuño de 2018.-** Elixidos entre 1.957 candidatos en toda España, *Advanced Leadership Foundation* (ALF) seleccionou aos 300 líderes de opinión españois en economía verde que serán formados no **I Cume de Innovación Tecnolóxica e Economía Circular** que terá lugar en Madrid o próximo 6 de xullo e que presidirá **Barack Obama**. Entre eles atópanse 19 galegos procedentes de diferentes provincias -tres de Lugo, oito da Coruña, catro de Pontevedra e catro de Ourense-.

Entre os galegos seleccionados atópase Montserrat Rodríguez Ogea, técnico do **CIS-Madeira**. O seu labor está vinculado á dirección e xestión de proxectos europeos, a transferencia tecnolóxica, a formación e a difusión.

Precisamente o sector da madeira é o mellor escenario para explicar e promocionar a economía circular. A madeira é un material renovable e sustentable, que de xeito tradicional permitiu pechar o círculo. As novas ferramentas como a análise de ciclo de vida ou os estudos de uso en cascada, maximizan estas posibilidades. Tamén o deseño (temática de dous proxectos europeos en curso promovidos polo CIS-Madeira) é ferramenta crave na Economía Circular.

### **Formados por catro Premios Nobel e outros líderes nacionais e internacionais.**

O obxectivo do I Cume de Innovación Tecnolóxica e Economía Circular é concienciar sobre os beneficios para a sociedade e o medio ambiente deste novo modelo, e crear unha rede nacional de activistas civís pola economía circular formada polos 300 líderes seleccionados.

O 44º presidente dos Estados Unidos, **Barack Obama**, Sir **Christopher A. Pissarides** e **Finn Kydland**, galardoados co Nobel de Economía en 2010 e 2004 respectivamente, e **Barry Barish**, Nobel de Física en 2017, encabezarán o Cume xunto a outros expertos internacionais entre os que se atopan **Ndaba Mandela**, Presidente de Africa Rising; **Dasho Karma Ura**, Ministro da Felicidade do Reino de Bután; **Zurab Pololikashvili**, Secretario Xeral da Organización Mundial de Turismo; **Alzbeta Klein** de *International Finance Corporation* (Banco Mundial); **Cristina Garmendia**, Presidenta de COTEC; **José Luís Bonet**, Presidente de INCYDE; **Rebeca Minguela**, CEO de Clarity; **Diego Fernández Elices**, Director Xeral de Investimentos (CIO). Todos eles serán os encargados de formar aos futuros líderes españois en innovación tecnolóxica e economía circular.

Os 19 galegos seleccionados asistirán ao Cume e poderán mellorar os seus coñecementos da man de premios Nobel, líderes mundiais en economía verde e desenvolvemento sustentable, e representantes da política e a economía nacional.

O Cume de Innovación Tecnolóxica e Economía Circular está sendo apoiado por Air Europa, Fundación INCYDE e o Fondo Social Europeo. Outras empresas colaboradoras son Amadeus, Ecoembes, Naturhouse, Suez, Zelenza, REE, Aleia Roses, Aborgase e Hispanic American College, entre outras.